

## “Intento que a miña poesía sirva pra algo socialmente”

Según a sociedade avanza ten que avanzar a poesía ●  
Charla con Xohan Cabana, ganador do primeiro premio de poesía convocado polo Axuntamento de Villalba

Falamos con Dario Xohan Cabana, ganador do primeiro premio de poesía do certamen literario convocado polo axuntamento de Villalba, Premio José María Chao Ledo. ¿Qué significa, Dario, ser premiado nun certamen na propia terra, na capitalidade da Terra Cha?

—Eu fun premiado xa noutra ocasión. Non sei se daquela se chamaba igual. Por un libro que se chamaba Romanceiro da terra Cha. Ese libro pra min significou moito. Enton o premio, e volvelo a levar, significa moito tamén, sobre todo por aquilo de tribal que un ten. Na capital da miña tribu danme un premio. Esto, gústalle a un.

—¿De qué trataba, cómo era o poema premiado?

—Podíase titular de moitas maneiras. Tídúase “ábrele a porta ó día” i é fundamentalmente, un poema de amor nacionalista e revolucionario. Eu podía facer un poema de amor, e podía facer un poema nacionalista e revolucionario, pero entendín que xa que as dúas cousas forman parte de min, poden ir xuntas.

### INTENTO QUE SEXA UN ARMA POLITICA

—¿A poesía é pra Dario Xohan Cabana un arma política?

—Eu intento que seña un arma política. Agora ben: non é un arma política demasiado cargada de futuro. E un arma política entre outras moitas, pode ter a súa utilidade e penso que vai a ter moita no futuro. Eu intento que a miña poesía sirva pra algo socialmente.

—¿Qué opinión lle merecen a un poeta premiado os certámenes literarios?

—Pódese decir moito a favor deles e pódese decir moito —ou polo menos algo— en contra. Como positivo eu vexo que á conta deles pódese dar a coñecer unha seire de xeite que ao millor doutra maneira non podía. Tampouco podemos esquencer que unhos cartos como se dan nestes premios nunca veñen mal senon todo o contrario, prás economías dos poetas que son bastante deficitarias. En canto ás cousas negativas. ¿Pra qué as vou decidir? Realmente a primeira que se me ocorre e que non haxe moitísimos máis.

—¿Tenen os certámenes trasfondo político? ¿Son xustos nos seus fallos?

—Bueno... Un trasfondo político eu supoño que ao mellor o teñen, como tódalas cousas. En canto a que seña xustos nos seus fallos, mira: Eu non podo decir que son xustos. Déronme o premio a min. Se son xustos, mellor pra min. Se son inxustos, é que eu son un mal poeta, e tampouco o querría recoñecer.

—¿Os editores teñen en conta os premios? ¿O chegar a unha editorial cargada de premios significa algo?

### OS EDITORES NON SE FIXAN

—Eu penso que non se fixan moito. Mesmo o digo pola miña experiencia como traballador nunha editorial anteriormente. Penso que non o teñen en conta, moitas veces nin xiquera o coñocen.

—Hoxe a poesía ¿significa algo praxe? ¿Lése poesía? ¿Véndese poesía?

—Na nosa nación, as edicións de poesía acostumban a estar no orden de dous mil exemplares ou máis. En España, por exemplo, en poesía itran 500 ou 1.000 exemplares. Dado que nós somos dous millós e pico i os españoles son casi trinta millós, a min paréceme que en Galicia lese moitísima poesía.

—¿I esto é unha moda ou afiánzase?

—Pra min a poesía é necesaria. Non sei si é deformación profesional. Pero eu penso que a poesía, como tódalas formas de arte, é necesaria á persoa quizáis non un tipo de necesidá como o pan, pero é necesaria. Eu penso que según a sociedade avance —se avanza— a poesía ten que avanzar.

—Dario Xohan Cabana é un rapaz novo, pero leva moitos anos escribindo. ¿Cándo comenzou?

—Eu supoño que foi ala polo 68, que escribía unhos sonetos horrendos. Agora ben, empezar a escribir en serio eu penso que aínda non empecei.

—Serían horrendos, pero editou libros, levou premios...

—Bueno. Os sonetos eran verdadeiramente horrendos, i os premios non os levei por ese sonetos

senon por algunhas outras cousas que fixen despois. Fun publicando algunha cousa: Publiquei cinco libros, deles catro de poesía. Algunhos moi malos. O último repliqueino no ano 73, precisamente, o Romanceiro da Terra Cha. I elqui estou.



### HAY QUE APRENDER O OFICIO

—¿I os cinco anos estos de silencio?

—En certa maneira porque cando un xa se iba facendo vello, pensaba que non estaba facendo realmente o que a min me podía satisfacer, que non atopara o meu camiño na poesía. Entonces impúxenme un tempo sin publicar porque necesito estudar, necesito pensar. A poesía hai que aprendelo oficio igual que un ferreiro.

—Neses cinco anos hai un froto de traballo. ¿Nó vai coñecer o público?

—Eu penso que si, unha parte dese traballo vai nun libro que se chama Memorial dos campos da fame, escrito fundamentalmente neses cinco anos, en etapas moi diferenciadas, en tres bloques de poemas moi diversos. Penso publicalo agora.



—¿E autodidacta Darío Xohan poeta?

—Non, en absoluto. Eu empecei seguindo dunha maneira tremendamente mimética a Celso Emilio Ferreiro i algúns poetas españoles como Miguel Hernández, Celaya ou Blas de Otero. Os poetas sociais eran un deslumbramento. Hoxe, teño moitísimas influencias. Tantas influencias que eu son un verdadeiro plaxiario, probablemente. A min non me avergonza o plaxio. O plaxio é unha forma de creación como outra calquera. As miñas influencias doxe son do máis heteroxeneo, veñen desde o cantar épico antigo, Homero por exemplo, hasta a xeneración Vite, María Kowski ou Walt Witman.

—¿A poesía de Xohana Cabana é de denuncia?

—Eu escribo de todo. Escribo poemas de amor. E máis que poemas de denuncia escribo poemas con contido político. É dicir: Non denuncio dende fora, senon que me meto dentro. Dentro da miña militancia, eu canto digamos que á miña militancia, o meu sentimento militante dado que tamén isto é un sentimento.

—¿E posible hoxe vivir da poesía, comer da poesía?

—Eu, desde logo, non como da poesía, e penso que nunha sociedade como a actual, non é posible vivir da poesía a non ser determinados casos que quizais non debo calificar. Agora ben, eu penso que nunha sociedade futura e na cons-

trucción desa sociedade, o poeta vai ter un papel. I é mui posible que seña pagado.

—¿Chegaríase así a un poeta-funcionario?

—Non. A un poeta axitador, que é precisamente todo o contrario.

—¿Cales son os proieutos futuros, aparte da edición dese libro?

—Estou escribindo un libro de sonetos, espero que un pouco millores que os anteriores e teña practicamente rematado un libro de poemas de amor, no cal vai precisamente ese poema premiado, e penso terminar un libro que teño apenas empezado de poesía —digamos— heroica.

—Hai un ministerio que se chama de Cultura. ¿Qué tería que facer este Ministerio pra apoiar a poesía e concretamente a poesía gallega?

—Cando teñamos un ministerio de cultura galega, daquela poderá apoiar a poesía galega. Un ministerio de cultura español no vai apoiála.

—¿I a Xunta?

—Desde logo... hastra agora non se lle parece ver. I eu non creo que a Xunta veña apoiar nada desto porque ten outras cousas máis urxentes que tampoco as vai facer.

—¿Cal é o intre actual da cultura en Galicia?

—Pra min estase producindo en estes momentos, despois dun período de certo amortecemento, un rexurdimento quizais moi forte que empece a callar dentro de moi poucos anos e que vai a ser o reflexo claro de movemento social que tamén está ascendendo.

—¿Terá algo que ver o poder, ou xurdirá unicamente do pobo?

—Eu penso que se vale a pena xurde unicamente do pobo. Non sei. Eu non creo nas culturas oficiais, e menos nas culturas oficiais españolas.

—Gracias a Darío Xohan Cabana enhoraboa por este primeiro premio de poesía en Villalba.

Texto e foto:

Xulio GIZ